

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CON1010J9	Expediente CON/8/2016	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno 2016-2020 do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 35.400 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de xuño de 2016, ás 9:45 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández

Vocais: Dna. Branca Novo Rey, representante do grupo CA.
 D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
 D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
 D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
 D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	31/05/2016	25.801	PRICEWATERHOUSE COOPERS ASESORES DE NOGOCIOS SL
2	02/06/2016	26.519	TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA SA
3	02/06/2016	26.527	EVERIS SPAIN SL
4	02/06/2016	26.573	COREMAIN SLU
5	02/06/2016	26.609	OESIA NETWORKS SL
6	02/06/2016	26.634	ARXON ESTRATEGIA SL

*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa ós criterios de negociación dos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)	REDUCCIÓN DE PRAZO	BOLSA DE HORAS ADICIONAIS
1	PRICEWATERHOUSE COOPERS ASESORES DE NOGOCIOS SL	27.700,00	4 semanas	100 horas
2	TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA SA	21.234,01	4 semanas	100 horas
3	EVERIS SPAIN SL	27.999,00	4 semanas	100 horas
4	COREMAIN SLU	28.472,50	4 semanas	100 horas
5	OESIA NETWORKS SL	27.200,00	4 semanas	100 horas
6	ARXON ESTRATEGIA SL	25.488,00	4 semanas	100 horas

Rematada a apertura dos sobres, a mesa inicia a negociación individual dos termos do contrato con cada un dos licitadores admitidos en función dos diferentes criterios relacionados no prego que rexe a licitación, estendendo



CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios
100.- JMIC

Documento
CON10I0J9

Expediente
CON/8/2016

15078DCON10I0J95



as correspondentes actas cos resultados das negociacións individuais levadas a cabo cos diferentes licitadores, que se acompañan á presente acta.

As 9:58 horas, levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CON1010J9	Expediente CON/8/2016	



**ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 1: PRICEWATERHOUSE COOPERS
ASESORES DE NOGOCIOS SL**

LICITACIÓN: Servizo para a redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno 2016-2020 do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 35.400 euros euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de xuño de 2016, ás 9:59 Horas.

ASISTENTES:

- Presidente:** D. Xan Duro Fernández
Vocales: Dna. Branca Novo Rey representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez Brunete representante do grupo PP
D. Gonzalo Muiños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG
Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora Municipal.
Secretario: D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.
D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


Representante do licitador que acude ó acto de negociación: Dna. Paula Lago González.

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa **PRICEWATERHOUSE COOPERS ASESORES DE NOGOCIOS SL** indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:


- **Ratifícase na oferta presentada.**

Sendo as 10:00 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.


**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**


**Asdo.: Paula Lago González
Representante da empresa PRICEWATERHOUSE COOPERS
ASESORES DE NOGOCIOS SL**




O/A SECRETARIO/A DA MESA

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON1010J9	Expediente CON/8/2016	



ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 6: ARXON ESTRATEGIA SL

LICITACIÓN: Servizo para a redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno 2016-2020 do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 35.400 euros euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de xuño de 2016, ás 10:07 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández
Vocales: Dna. Branca Novo Rey representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez Brunete representante do grupo PP
D. Gonzalo Muiños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG
Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Representante do licitador que acude ó acto de negociación: Dna. Ana Belén Polo Casariego .

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa **ARXON ESTRATEGIA SL** indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- **Ratifícase na oferta presentada.**

Sendo as 10:08 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.


Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA


Asdo.: Ana Belén Polo Casariego
Representante da empresa **ARXON ESTRATEGIA SL**


O/A SECRETARIO/A DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON1010J9	Expediente CON/8/2016	



ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 2: TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA SA

LICITACIÓN: Servizo para a redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno 2016-2020 do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 35.400 euros euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de xuño de 2016, ás 10:01 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández

Vocales: Dna. Branca Novo Rey representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez Brunete representante do grupo PP
D. Gonzalo Muiños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG
Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Representante do licitador que acude ó acto de negociación: D. Vicente Saborido Otero.

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa **TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA SA** indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- **Ratifícase na oferta presentada.**

Sendo as 10:02 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.

Asdo. Vicente Saborido Otero
Representante da empresa **TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA SA**

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON1010J9	Expediente CON/8/2016	



ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 3: EVERIS SPAIN SL

LICITACIÓN: Servizo para a redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno 2016-2020 do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 35.400 euros euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de xuño de 2016, ás 10:03 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández
Vocales: Dna. Branca Novo Rey representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez Brunete representante do grupo PP
D. Gonzalo Muiños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG
Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Representante do licitador que acude ó acto de negociación: D. Luis Gago Carnicero

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa **EVERIS SPAIN SL** indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- **Ratificase na oferta presentada.**

Sendo as 10:04 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

Asdo.: Luis Gago Carnicero
Representante da empresa **EVERIS SPAIN SL**



O/A SECRETARIO/A DA MESA

ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 4: COREMAIN SLU

LICITACIÓN: Servizo para a redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno 2016-2020 do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 35.400 euros euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de xuño de 2016, ás 10:05 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández

Vocales: Dna. Branca Novo Rey representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez Brunete representante do grupo PP
D. Gonzalo Muíños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG

Secretario: Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.
D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Representante do licitador que acude ó acto de negociación: D. José Miguel Casal Lage.

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa **COREMAIN SLU** indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

Ratifícase na oferta presentada.

Sendo as 10:06 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

Asdo.: José Miguel Casal Lage
Representante da empresa **COREMAIN SLU**




O/A SECRETARIO/A DA MESA

CON/08/2016

ASUNTO: INFORME DE AVALIACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS AO PROCEDEMENTO PARA AXUDICACIÓN DO SERVIZO PARA A REDACCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO 2016-2020.

1. OFERTAS RECIBIDAS PARA AVALIACIÓN

Recíbese escrito de Contratación co que se achegan, ao obxecto de que se emita informe, as plicas que se indican de seguido:



1) ARXON ESTRATEGIA SLU	25.488,00 euros
2) EVERIS.....	27.999,00 euros
3) OESÍA.....	27.200,00 euros
4) TECNOCOM	21.234,01 euros
5) COREMAIN	28.472,50 euros
6) PWC	27.700,00 euros

2. CONSIDERACIÓNS XERÁIS SOBRE O INFORME

O informe inclúe unha descrición detallada e valoración de cada apartado e subapartado seguindo o esquema establecido no prego.

Unha vez avaliados os criterios de adxudicación e os criterios de negociación, obtense a puntuación definitiva. Achégase unha táboa resumo con todas as puntuacións.

Salvo indicación en contra, a fórmula proporcional que se utiliza neste informe é a que se indica de seguido:

$$P_i = \frac{V_i}{V_{max}} * P_{max}$$

Onde:

- P_i son os puntos obtidos pola oferta i
- V_i é o valor na oferta i
- V_{max} é o maior valor de entre todas as ofertas válidas
- P_{max} é a puntuación máxima asignada ao criterio

3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (50 puntos)

Neste apartado avalíase o único criterio de adxudicación, A1. Proposta técnica do servizo, que está estruturado en tres subapartados.

A.1. PROPOSTA TÉCNICA DO SERVIZO (50 puntos)

A.1.1 PLAN DE TRABALLO (20 puntos)

Neste apartado avalíase a proposta de traballo tendo en conta que ofrezca unha visión integrada da problemática e do alcance dos traballos que se contratan e que reflicta capacidade e coñecemento específico para o obxecto desta contratación, así como aspectos relativos ao deseño, metodoloxía e cronograma ofertados.

Tense en conta tamén a descrición que se fai do contexto xurídico e tecnolóxico, incluíndo aspectos prácticos como a existencia de iniciativas doutras administracións públicas ou a dispoñibilidade de servizos de administración electrónica.

Por último, valórase a proposta detallada dalgúns modelos de dar ao proxecto unha orientación participativa e orientada á co-creación.

A puntuación distribúese do seguinte xeito.

a) Completitude, nivel de detalle e idoneidade da proposta	10 puntos
b) Descrición do contexto xurídico e tecnolóxico	5 puntos
b) Inclusión como aspecto innovador do concepto de co-creación no desenvolvemento do plan	5 puntos

Neste senso hai que salientar que todas as ofertas analizadas presentan un nivel elevado e fan unha descrición completa e centrada no obxecto do contrato. Teñen ademais en conta o alcance e requisitos establecidos nos pregos.

As ofertas reciben a máxima puntuación no apartado b) ou c) cando destacan dalgún xeito sobre o resto nese aspecto.

De seguido inclúese unha breve descrición do contido de cada oferta:

1) ARXON ESTRATEGIA SLU

A oferta fai unha descrición detallada do enfoque global da solución, das actividades e tarefas que forman parte do proxecto, dos fitos e os entregables comprometidos. Achega tamén unha planificación detallada e os factores críticos de éxito.

Apóia-se na guía PMBOK do PMI e outros estándares ISO.

Tamén achega un esquema co ecosistema de compoñentes de administración electrónica, transparencia e bo goberno. Non chega a facer unha descrición tan detallada do contexto coma outras ofertas.

Nesta oferta tense en conta a completitude e idoneidade da proposta (10 puntos).

2) EVERIS

A oferta fai unha descrición detallada do enfoque global da solución, das actividades e tarefas que forman parte do proxecto, dos fitos e os entregables comprometidos. Achega tamén unha planificación detallada e os factores críticos de éxito.

Reflicte coñecemento sobre o contexto que pode afectar ao proxecto, como as iniciativas e os servizos que ofrecen outras administracións públicas.

Como elemento diferenciador, inclúe un Plan de participación e co-creación, tendo en xeral especial atención con aspectos como a participación, os datos abertos, etc.

Nesta oferta tense en conta a completitude e idoneidade da proposta (10 puntos), a descrición en detalle do contexto (5 puntos) e como aspecto salientable o modelo de innovación aberta mediante co-creación (5 puntos).

3) OESÍA


A oferta fai unha descrición detallada do enfoque global da solución, das actividades e tarefas que forman parte do proxecto,

dos fitos e os entregables comprometidos. Acheга tamén unha planificación detallada e os factores críticos de éxito.

Tamén achega un esquema co ecosistema de compoñentes de administración electrónica, transparencia e bo goberno. Inclúe unha descrición detallada do contexto tanto xurídico coma tecnolóxico.

Nesta oferta tense en conta a completitude e idoneidade da proposta (10 puntos), a descrición en detalle do contexto (5 puntos).

4) TECNOCOM



A oferta fai unha descrición detallada do enfoque global da solución, das actividades e tarefas que forman parte do proxecto (programa na terminoloxía PMBOK), dos fitos e os entregables comprometidos. Acheга tamén unha planificación detallada e os factores críticos de éxito.

Propón a utilización da metodoloxía propia de TecnoCom e a aplicación adicional de ferramentas e procesos da metodoloxía TOGAF 9.1, que é un marco de referencia para a definición de arquitecturas empresariais e permite a aliñación da visión TI e a visión de negocio.

Fai referencia á necesidade de establecer unha estrutura organizativa e achega unha proposta. Tamén achega un esquema co ecosistema de compoñentes de administración electrónica, transparencia e bo goberno. Non chega a facer unha descrición tan detallada do contexto coma outras ofertas.

Nesta oferta tense en conta a completitude e idoneidade da proposta (10 puntos).

5) COREMAIN

A oferta fai unha descrición detallada do enfoque global da solución, das actividades e tarefas que forman parte do proxecto, dos fitos e os entregables comprometidos. Acheга tamén unha planificación detallada e os factores críticos de éxito.

A redacción amosa coñecemento da contorna e contexto interno do Concello. Non chega a facer unha descrición tan detallada do contexto externo (ferramentas e servizos dispoñibles, etc.) en administración electrónica coma outras ofertas.

Nesta oferta tense en conta a completitude e idoneidade da proposta (10 puntos).

6) PWC

Ofrece unha ampla descrición do plan de traballo coas fases, entregables comprometidos, cronograma, etc..

Fai unha descrición detallada do contexto tanto xurídico coma tecnolóxico. Inclúe abundante información sobre iniciativas e servizos ofrecidos por outras administracións. Tamén fai referencia ao contexto no propio Concello, con referencias a Smart iAgo ou EDUSI e outros proxectos municipais.

Proponse abordar o plan mediante un modelo de innovación aberta no que a cidadanía e as empresas compostelás participen activamente na co-creación do plan.

Utilizará o marco metodolóxico Transform desenvolto por PwC.

Nesta oferta tense en conta a completitude e idoneidade da proposta (10 puntos), a descrición en detalle do contexto (5 puntos) e como aspecto salientable o modelo de innovación aberta mediante co-creación (5 puntos).

ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
10,00	20,00	15,00	10,00	10,00	20,00

A.1.2. EQUIPO DE TRABAJO (20 puntos)

En todas as ofertas os equipos de traballo cumpren coas esixencias do prego e inclúen ademais persoal cualificado e con ampla experiencia nos seu ámbito. Neste informe inclúese unha breve descrición

mencionando unicamente a titulación e algún dos proxectos nos que ten participado e que gardan relación total ou parcial con obxecto do contrato.

Algunhas ofertas engaden un panel de expertos que supón un importante valor engadido. Sen embargo, neste apartado aplícase o establecido no prego, tendo en conta unicamente os membros adscritos ao equipo de traballo e para os que se ten indicado a súa porcentaxe de dedicación.

Tendo en conta todo isto, a puntuación das ofertas céntrase en tres apartados que se consideran representativos:

a) Número de membros (mellora sobre os 2 membros establecidos polo prego)	2 puntos
b) Dedicación total (suma das porcentaxes de dedicación, melloras sobre o 110% establecido no prego)	6 puntos
c) Afinidade (Expresada en porcentaxe, indicando o grao de adecuación do equipo tendo en conta o obxecto específico do proxecto: plan estratéxico, administración electrónica, administración local).[*]	12 puntos

[*] En ningún dos equipos se inclúen plans equivalentes ao que se pretende contratar e especificamente para a administración local, polo que para este parámetro o 100% aplícase a aqueles que presentan plans similares para a administración pública, proxectos de ámbito máis concreto pero moi relevantes para a administración electrónica, ou coñecementos en campos moi especialmente relevantes para este proxecto.

1) ARXON ESTRATEGIA SLU

A oferta inclúe un equipo de traballo formado por:

- Un xefe de proxecto. Enxeñaría superior en Informática. Proxectos relevantes: Director de proxecto para o mantemento da plataforma de administración electrónica, sistemas de soporte e administración electrónica e sinatura dixital do Consello de Seguridade Nuclear. Director de proxecto para a implantación de Goberno Electrónico no Estado Federal de Puebla (México). Director de proxecto para mantemento da sede electrónica, mantemento de xestor de expedientes

corporativo SIGEM, sinatura dixital e selo de tempo electrónico para o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).

- Un consultor sénior/auditor. Enxeñaría superior en Informática. Proxectos relevantes: Director de proxecto para deseño e dirección e desenvolvemento de produtos mcommerce en sector públicos e administración electrónica.
- Un consultor de estratexia e operacións. Licenciatura en ciencias ambientais. Proxectos relevantes: Coordinador de equipo para implantación de goberno electrónico no Estado Federal de Puebla (México), Consultor de reenxeñaría para a implantación da administración electrónica na Deputación de Lugo.
- Un especialista en Comunicacións e infraestruturas. Enxeñaría técnica en Telecomunicación. Proxectos relevantes: Responsable de sistemas para implantación de goberno electrónico no Estado Federal de Puebla (México).
- Un especialista en seguridade e redes. Técnico en Informática. Proxectos relevantes: Algúns proxectos de carácter tecnolóxico.
- Un especialista en comunicacións corporativa. Licenciatura en Publicidade e relacións públicas. Proxectos relevantes: Menciona funcións sen chegar a enumerar proxectos concretos.
- Un especialista en Deseño gráfico e imaxe corporativa. Licenciatura en Publicidade e relacións públicas. Licenciatura en Belas artes. Proxectos relevantes: Menciona funcións sen chegar a enumerar proxectos concretos.

No que respecta á dedicación a oferta indica un total de 928 horas nos 3 meses de duración do proxecto, e fai un desglose por cada unha das fases. 120 horas corresponden ao xefe de proxecto, 704 ao consultor de estratexia e operacións, e 104 aos especialistas.

Non se expresa polo tanto seguindo o esquema establecido no prego, polo que se asume o nivel de dedicación mínimo, pero en base ao número de horas total considérase que se cumpren os requisitos establecidos no prego.


Inclúe ademais un panel de cinco expertos en aspectos como políticas públicas, asesoría legal, análise de regulación de asuntos europeos, tecnoloxía, seguridade e xestión do risco, e desenvolvemento de sistemas de información.

Resumo:

- equipo de 2 membros con dedicación total de 110%. Se ben menciona a 7 membros, da documentación só se extrae a dedicación específica do xefe de proxecto e do consultor de estratexia e operacións.
- afinidade: 40%. Os membros principais do equipo teñen como referencia algún proxecto de administración electrónica se ben o principal é en México. Non describen outros coñecementos específicos relacionados coa administración electrónica que si aparecen reflectidos noutras ofertas.

2) EVERIS

A oferta inclúe un equipo de traballo formado por:

- 
- Un xefe de proxecto (10%). Enxeñaría en Informática. Proxectos destacables: Diversos proxectos para a Xunta de Galicia, coma Implantación de notificación electrónica nos concellos de Galicia, Deseño, desenvolvemento e implantación do Arquivo dixital da Administración Pública de Galicia, Oficina de coordinación eConcellos, Estudo de situación actual dos sistemas de contratación pública e definición do modelo obxectivo.
 - Un consultor (100%). Enxeñaría en Informática. Proxectos destacables: Diversos proxectos para a Xunta de Galicia, coma Análise, deseño e construción do Arquivo Electrónico, Deseño do Arquivo Electrónico xudicial, Plataforma de interoperabilidade da Xunta de Galicia, Portal trámites en liña do Concello de Vilagarcía de Arousa, Portal Concello de Dodro, Portal Concello de Cee.

Engade un amplo panel de expertos con dedicación puntual cun perfil moi axustado ao proxecto.


Resumo:


- equipo de 2 membros con dedicación total de 110%.

- afinidade: 100%. Se ben na experiencia non se mencionan plans estratéxicos como este, si fan mención a aspectos que gardan ampla relación coa administración electrónica.

3) OESÍA

A oferta inclúe un equipo de traballo formado por:

- 
- Un xefe de proxecto (10%). Enxeñaría eléctrica electrónica, Máster en Sistemas e redes de telecomunicacións, Especialización en Economía das telecomunicacións. Proxectos destacables: consultaría e diagnósticos sectoriais en SSII e comunicación, administración pública (smart cities), plans estratéxicos e avaliación de programas e políticas públicas (Gobex, red.es).
 - Un consultor de procesos, aplicacións e sistemas (100%). Enxeñaría de sistemas, Máster en Administración de negocios MBA. Proxectos destacables: consultaría en distintos plans directores de sistemas non relacionados coa administración electrónica.
 - Un consultor de administración electrónica (20%). Diplomatura de Xestión e administración pública e grao de Enxeñaría en Informática. Proxectos destacables: Implementación dun xestor de expedientes, rexistro electrónico e desenvolvemento dun modelado de procedementos do Concello de Villalbino, Implantación de diversos servizos de administración electrónica nos municipios da provincia de Huesca.
 - Un consultor de seguridade-ENI-ENS (20%). Enxeñaría superior en Informática e Máster en Enxeñaría do software. Proxectos destacables: Consultaría para o Ministerio de Xustiza na adopción do ENS e a LOPD, Plan director de seguridade do CHUS, Consultaría para a adaptación á ENS e á LOPD do servizo rexional de emprego da Comunidade de Madrid.
 - Un consultor de marco xurídico e e-admón (20%). Licenciatura en Dereito, Máster en Informática xurídica, Posgrao en Dereito informático e das telecomunicacións. Consultaría xurídica de transparencia e protección de datos. Proxectos destacables: Consultaría de transparencia do Concello de Zaragoza, e Consultaría de transparencia de Entidades Locales.



Resumo:

- equipo de 5 membros con dedicación total de 170%.
- afinidade: 100%. Presentan un equipo multidisciplinar que cobre importantes aspectos dunha administración electrónica.

4) TECNOCOM

A oferta inclúe un equipo de traballo formado por:

- Un xefe de proxecto (25%). Licenciatura en Dereito e Máster en Comercio electrónico. Proxectos destacables: Consultaría para a definición e implantación da administración electrónica na Universidade de Vigo, Programa de modernización administrativa eDepo da Deputación de Pontevedra, Desenvolvemento e posta en marcha da sede electrónica do CNI, Deseño, construción e implantación da plataforma eTrámite da Xunta de Galicia.
- Un consultor experto en eAdministración (100%). Enxeñeiro en Telecomunicación. Máster en Seguridade da Información. Proxectos destacables: Smart Government financiado polo CDTI, Consultaría para a definición e implantación da administración electrónica na Universidade de Vigo, Programa de modernización administrativa eDepo da Deputación de Pontevedra, e Integración do sistema de licitación electrónica co portal de contratos públicos de Galicia.
- Un arquitecto de sistemas de información (25%). Técnico superior en electrónica e comunicacións. Proxectos destacables: Proxectos de base informática e algúns coma a plataforma eDepo da Deputación de Pontevedra ou o mantemento da sede electrónica da Deputación Foral de Navarra.
- Un consultor experto en consultaría documental e interoperabilidade (20%). Diplomatura en Maxisterio, Licenciatura en Xeografía e Historia, Posgrao en Arquivos e Ciencias documentais. Proxectos destacables: Sistema de xestión documental par ao cumprimento das normas técnicas de interoperabilidade da Dirección Xeral de Tráfico e outro para o Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial, ou Revisión do modelo de xestión de documentos electrónicos par aplicación do ENI e resto da normativa para o Concello de



Málaga, e outros relacionados coa xestión de documentos electrónicos.

- Un consultor experto en transparencia e bo goberno (20%). Licenciado en Bioloxía, Máster en medios de comunicación, Posgrao en Servizos telemáticos e Internet. Proxectos destacables: Oleiros cara a administración electrónica fase II, Deseño da plataforma XIESS do Concello de Santiago de Compostela, Definición de Lugo Dixital e elaboración do plan de sistemas.

Resumo:

- equipo de 5 membros con dedicación total de 170%.
- afinidade: 100%. Presentan un equipo multidisciplinar que cobre importantes aspectos dunha administración electrónica, así coma algún plan de modernización e proxectos específicos relacionados coa administración local.



5) COREMAIN

A oferta inclúe un equipo de traballo formado por:

- un xefe de proxecto (10%). Enxearía técnica en informática de xestión. Proxectos destacables: O currículo vitae inclúe xestión de proxectos, algúns deles relacionados con servizos sectoriais de administración electrónica. Tamén participou en proxectos de racionalización administrativa en concellos como Lousame e Terrasa.
- dous consultores (non indica dedicación. Asísumese 100% total). Unha licenciada en ciencias químicas e un enxeñeiro superior en telecomunicación. Proxectos destacables: Ambos con proxectos de perfil tecnolóxico.
- un analista (non se indica dedicación). Técnico superior en deseño e implementación de aplicacións informáticas de xestión. Proxectos destacables: Diversos proxectos de carácter tecnolóxico (análise, programación, mantemento).

O xefe de proxecto, ademais do seguimento do proxecto, é responsable dos compoñentes funcionais e de procesos do proxecto e a documentación sobre estratexias de información. Os dous consultores son expertos coñecedores nas estratexias de

tecnoloxías e sistemas de información. Non se describe función específica para o analista.

Resumo:

- equipo de 4 membros con dedicación total de 110%.
- afinidade: 25%. Equipo de traballo moi centrado en proxectos tecnolóxicos.

6) PWC

A oferta inclúe un equipo de traballo e un panel de expertos (este segundo non se avalía neste apartado). O equipo de traballo está formado por:

- un xefe de proxecto (dedicación 25%). Enxeñeiro superior de telecomunicación con 7 anos de experiencia en proxectos de transformación dixital. Destacan proxectos coma o Plan de goberno e administración dixital da Xunta de Galicia.
- tres consultores:
 - o administración electrónica (100%). Enxeñeira superior de telecomunicación, con 6 anos de experiencia en proxectos coma a implementación do Plan de Administración Electrónica e Goberno Dixital para a Xunta de Galicia 2015-2020 e o Plan de administración xudicial electrónica (SENDA).
 - o seguridade (12%). Licenciado en dereito. Máster en Negocio e dereito das telecomunicacións. Proxectos de protección de datos coma o proxecto para a definición e implantación do modelo de goberno do risco para o CESICAT e outros de implantación de oficinas de cumprimento, sistemas integrados de xestión e integración de normal ISO con outros marcos de control.
 - o xurídico (12%). Destaca a participación na elaboración do proxecto de modificación do RD polo que se regula o ENI e na redacción da memoria de análise de impacto normativo.

Resumo:


- equipo de 4 membros con dedicación total de 149%.



- afinidade: 100%. Equipo multidisciplinar que inclúe traballo en plans de administración electrónica e outros de ámbito específicos como a seguridade, o ENI, etc.

O panel está composto por catro expertos que abarcan áreas como a transformación dixital, a consultaría tecnolóxica, o dereito administrativo e as novas tecnoloxías, plans de innovación, a interoperabilidade, e instrumentos financeiros baseados en fondos FEDER.

De seguido amósase para cada un dos tres aspectos o valor de cada oferta e a puntuación que acada, tratando de que en todo caso se asigne a unha delas o valor máximo:



ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
0	0	3	3	2	2
0,00	0,00	2,00	2,00	1,33	1,33

Nº membros adicionais e puntuación

ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
00,00%	00,00%	60,00%	80,00%	00,00%	39,00%
0,00	0,00	4,50	6,00	0,00	2,93

% Participación adicional e puntuación


ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
40,00%	100,00%	100,00%	100,00%	25,00%	100,00%
4,80	12,00	12,00	12,00	3,00	12,00

% Afinidade e puntuación

A puntuación final do *Equipo de traballo* obtense sumando as puntuacións acadadas nos tres subapartados e, de ser necesario, axustando coa fórmula proporcional que permite asignar a máxima puntuación á mellor oferta. Neste caso non se necesita aplicar a fórmula porque xa existe unha oferta que acada a máxima puntuación.

ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
4,80	12,00	18,50	20,00	4,33	16,26

A.1.2. Puntuacións equipo de traballo



A.1.3. CONTROL E SEGUIMENTO DOS TRABALLOS (10 puntos)

Todas as ofertas inclúen cando menos a identificación de comités de seguimento e, dada a calidade dos proxectos e a metodoloxía aplicada se pode inferir un nivel mínimo de control e seguimento e de aseguramento da calidade.

Sen embargo, algunhas ofertas inclúen unha descrición máis detallada deste apartado, o que se considera especialmente relevante tendo en conta que é un aspecto específico dos criterios. Tamén se valora a utilización de ferramentas informáticas de traballo colaborativo e/ou control e seguimento do proxecto. De seguido reflíctense os aspectos máis salientables das ofertas, e os que se consideran merecedores de puntuación adicional.

a) Descrición do control e seguimento dos traballos durante o proxecto	5 puntos
b) Posta a disposición de unha ou varias ferramentas de traballo colaborativo e/ou seguimento do proxecto	5 puntos


1) ARXON ESTRATEGIA SLU

Describe a necesidade de utilizar unha metodoloxía de lanzamento, control e seguimento, na que o seguimento se realice en base a indicadores. Tamén a necesidade dun plan que inclúa fitos e recursos. Propón o nomeamento dun comité de seguimento da que define o seu obxectivo e funcións, e establece reunións de seguimento quincenais. Con respecto á metodoloxía para o proxecto, na oferta faise referencia á PMBOK.

Como elemento diferenciador propón a utilización do espazo virtual de xestión e colaborativo do proxecto REDNOVA.

Nesta oferta tense en conta un nivel de detalle adicional con respecto a outras (5 puntos) e a aportación dunha ferramenta informática (5 puntos).

2) EVERIS



Aplica a metodoloxía Everis para a xestión de proxectos (método COM de xestión de proxectos).

Describe un modelo de seguimento e control dos traballos que inclúe a constitución dun comité estratéxico e operativo, a aprobación do plan de proxecto, a presentación de informes de seguimento, a realización de reunións semanais de seguimento e control, e finalmente a aprobación dos entregables e o peche do proxecto. Describe a súa metodoloxía no que respecta á xestión de riscos.

Nesta oferta tense en conta un nivel de detalle adicional con respecto a outras (5 puntos).

3) OESÍA

No apartado de Planificación e modelo de seguimento establece a necesidade de contar cun comité de seguimento con reunións quincenais e dun comité operativo con reunións semanais.

Tamén inclúe un apartado dedicado ao modelo de seguimento e control de execución detallado, que achega un conxunto de indicadores.

Nesta oferta tense en conta un certo nivel de detalle (3 puntos).

4) TECNOCOM

Utiliza a súa propia metodoloxía para o control e seguimento do proxecto. Propón a creación dun comité de dirección e un comité de seguimento.

Como elemento diferenciador, propón a utilización de varias ferramentas para o almacenamento compartido da información e para o control e seguimento do proxecto: Site de sharepoint 365 para almacenamento, HP Portfolio Manager para xestión e seguimento de proxectos, e Redmine, que inclúe xestión de incidentes con seguimento de erros.

Nesta oferta tense en conta un certo nivel de detalle (3 puntos) e a aportación de ferramentas de apoio (5 puntos).

5) COREMAIN

Non inclúe unha descrición detallada do control e seguimento do proxecto.

Na descrición da estrutura do proxecto inclúe un comité de dirección e seguimento.

Nesta oferta puntúase tense en conta o limitado nivel de detalle (1 puntos).

6) PWC

Propón a creación dun comité de seguimento para verificar o cumprimento dos obxectivos e prazos do proxecto, o estado de cada tarefa e a calidade dos traballos e documentos elaborados. Tamén definirá tarefas non planificadas. Reportará ao comité de dirección.

Na oferta mencionase ademais a aplicación da metodoloxía Transform propietaria de PwC.

Nesta oferta tense en conta un certo nivel de detalle (3 puntos).

De seguido amósase para cada un dos tres aspectos o valor de cada oferta e a puntuación que acada, tratando de que en todo caso se asigne a unha delas o valor máximo:

ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
5,00	5,00	3,00	3,00	1,00	3,00

Puntuación descrición control e seguimento

ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
5,00	0,00	0,00	5,00	0,00	0,00

Puntuación ferramentas informáticas de apoio

A puntuación final do *Control e seguimento do proxecto* obtense sumando as puntuacións acadadas en cada aspecto e, de ser necesario, axustando coa fórmula proporcional que permite asignar a máxima puntuación á mellor oferta. Neste caso non se necesita aplicar a fórmula porque xa existe unha oferta que acada a máxima puntuación.

ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
10	5	3	8	1	3

A.1.3. Puntuacións control e seguimento do proxecto

O resultado final do apartado A1. *Proposta técnica do servizo* tendo en conta as puntuación dos tres subapartados anteriores, e polo tanto a puntuación das ofertas no apartado *Criterios de adxudicación*, é o que se indica de seguido:

ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
24,80	37,00	36,50	38,00	15,33	39,26

A. Puntuacións criterios de adxudicación

4. CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN (APARTADO B. 50 puntos)

B1. PREZO DO CONTRATO (30 puntos)

Neste apartado puntúase a oferta económica aplicando a fórmula proporcional que se describe máis abaixo á baixa económica con respecto ao orzamento de licitación, que é de 35.400,00 euros.

$$P_i = \frac{V_i}{V_{max}} * P_{max}$$

Onde:

- P_i son os puntos obtidos pola oferta i
- V_i é o valor (baixa económica) na oferta i
- V_{max} é o maior valor (baixa económica) de entre todas as ofertas válidas
- P_{max} é a puntuación máxima asignada ao criterio

A baixa económica é a que se indica de seguido:

- 1) ARXON ESTRATEGIA SLU9.912,00 euros (28,00%)
- 2) EVERIS7.401,00 euros (20,91%)
- 3) OESÍA.....8.200,00 euros (23,16%)
- 4) TECNOCOM14.165,99 euros (40,02%)
- 5) COREMAIN6.927,50 euros (19,57%)
- 6) PRICEWATERHOUSECOOPERS7.700,00 euros (21,75%)

Aplicando a fórmula proporcional obtéñense as seguintes puntuacións:

ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
20,99	15,67	17,37	30,00	14,67	16,31

Puntuacións prezo do contrato

B2. BOLSA DE HORAS (10 puntos)

Todos os licitadores ofrecen unha bolsa de 100 horas polo que reciben a máxima puntuación.

ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00

Puntuacións bolsa de horas

B3. PRAZO DE EXECUCIÓN (10 puntos)

Neste apartado puntúase a redución do prazo con respecto ás 16 semanas establecidas no prego, expresada en número de semanas enteras e ata un máximo de catro, aplicando a fórmula proporcional que se describe de seguido:

$$P_i = \frac{V_i}{V_{max}} * P_{max}$$

Onde:

- P_i son so puntos obtidos pola oferta i
- V_i é o valor (baixa en número de semanas) na oferta i
- V_{max} é o maior valor (baixa en número de semanas) de entre todas as ofertas válidas
- P_{max} é a puntuación máxima asignada ao criterio

Todos os licitadores ofrecen un prazo de execución de 12 semanas, o que supón unha redución de 4 semanas sobre o prazo establecido no prego, polo que reciben a máxima puntuación.

ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00

Puntuacións prazo de execución

A puntuación final das ofertas no apartado de *Criterios de negociación* é a que se indica de seguido:

ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
40,99	35,67	37,37	50,00	34,67	36,31

B. Puntuacións criterios de negociación

5. PUNTUACIÓN FINAL DAS OFERTAS

A puntuación total das ofertas tendo en conta os criterios de adxudicación e os criterios de negociación son os que se indican de seguido:

ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
65,79	72,67	73,87	88,00	50,00	75,57

Puntuación final das ofertas

En base a esta puntuación, considérase que a oferta presentada por TECNOCOM é a máis favorable.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2016

O XEFE DE INFORMÁTICA




Asdo.: Jesús Rodríguez Castro





**CONCELLO DE
SANTIAGO**



SERVIZO DE INFORMÁTICA

ANEXO I. TÁBOA DE PUNTUACIÓNS CON/08/2016

	PREGO	ARXON	EVERIS	OESÍA	TECNOCOM	COREMAIN	PWC
A. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	50,00	24,80	37,00	36,50	38,00	15,33	39,26
A1. Proposta técnica do servizo	50,00	24,80	37,00	36,50	38,00	15,33	39,26
A1.1. Plan de traballo	20,00	10,00	20,00	15,00	10,00	10,00	20,00
	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00
(1) Compleitude, detalle e idoneidade	5,00	0,00	5,00	5,00	0,00	0,00	5,00
(2) Descrición contexto xurídico/tecnolóxico	5,00	0,00	5,00	0,00	0,00	0,00	5,00
(3) Modelo innovador de co-creación	5,00	0,00	5,00	0,00	0,00	0,00	5,00
A1.2. Equipo de traballo	20,00	4,80	12,00	18,50	20,00	4,33	16,26
	2,00	0,00	0,00	2,00	2,00	1,33	1,33
(1) Nº membros adicional	6,00	0,00	0,00	4,50	6,00	0,00	2,93
(2) Participación	12,00	4,80	12,00	12,00	12,00	3,00	12,00
(3) Afinidade	10,00	10,00	5,00	3,00	8,00	1,00	3,00
A1.3. Control e seguimento dos traballos	10,00	10,00	5,00	3,00	3,00	1,00	3,00
	5,00	5,00	5,00	3,00	3,00	1,00	3,00
(1) Detalle na descrición deste aspecto	5,00	5,00	0,00	0,00	5,00	0,00	0,00
(2) Utilización de ferramentas de apoio	50,00	40,99	35,67	37,37	50,00	34,67	36,31
B. CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN	30,00	20,99	15,67	17,37	30,00	14,67	16,31
B1. Prezo do contrato	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00
B2. Bolsa de horas	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00
B3. Prazo de execución	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00
TOTAL PUNTOS	100,00	65,79	72,67	73,87	88,00	50,00	75,57

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0J9	Expediente CON/8/2016	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno 2016-2020 do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 35.400 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 12/07/2016, ás 10:15 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez

Vocais:

- D. Xan Duro, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Jesús Rodríguez, xefe do servizo de informática
- Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación e negociación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.


Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é o licitador TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA SA.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación ACORDA:

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó licitador **TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA SA**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **21.234,01 euros IVE** que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **21.234,01 euros IVE** aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10:24 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0J9	Expediente CON/8/2016	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno 2016-2020 do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 35.400 euros euros máis IVE. **PROCEDIMENTO:** Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 2 de agosto de 2016, ás 9:35 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Da Concepción Fernández

Vocais: D. Manuel Dios, representante do grupo CA.
Da. María Corral, representante do grupo PP
Da. Inmaculada Viña, Interventora xeral Municipal.
D. Xaquín Monteagudo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA SA**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA